



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 10 de marzo de 2020**

1. Apróbanse os borradores de actas anteriores, celebradas os días 26 de febreiro e 4 de marzo de 2020.
2. Modifícase o acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/10/2018 polo que se concedeu licenza de primeira ocupación de vivenda sita en lugar A Moreira, nº 17, Marín.
3. Rectifícanse erros materiais e aritméticos no prego de cláusulas administrativas particulares aprobado no marco do procedemento aberto de contratación do "Desenvolvemento dunha plataforma de administración dixital para o Concello de Marín, adquisición de equipamento para a súa correcta implantación e implantación dunha solución hiperconverxente", dentro da EDUSI Marín 2020, cofinanciada polo FEDER no marco do POPE 2014-2020.
4. Acéptase a subvención directa nominativa concedida para o financiamento das obras de acondicionamento dun inmovible para Centro de Día do Concello de Marín, e apróbase a proposta de convenio a subscribir co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que canaliza a concesión desta subvención, por importe máximo de 200.000 euros.
5. Corríxense erros no acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de febreiro de 2020, de solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a contratación temporal de persoas traballadoras desempregadas para o "Apoio ao servizo de limpeza forestal".
6. Solicítase subvención á Consellería de Cultura e Turismo para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, con destino ó financiamento das obras de "Ampliación da casa da cultura de Seixo", por importe de 60.475,80 euros.
7. Dáse conta das bases de subvencións para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiziana-Patrimonio Dixital de Galicia, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
8. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Solicítase subvención con cargo á Liña 2 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, da Deputación de Pontevedra, por importe de 15.000 euros, con destino ó financiamento da "II Subida Concello de Marín", achegando o Concello a contía de 3.150 euros.

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000519A600N4J8C4Z2E3H1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20200334246
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 17/06/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/06/2020 10:15:27	Fecha: 17/06/2020 Hora: 10:15

